

**SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 28 DE FEBREIRO DE 2019.-**

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as sete horas e cinco minutos do día 28 de febreiro de 2019, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente, coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

**ALCALDE- PRESIDENTE**

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS**

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CXG)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Interventor D Vicente Soto Rodríguez.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, aos concelleiros e concelleiras, ao público presente e ao que nos segue pola páxina web. Hoxe imos a probar un novo sistema de videoactas, se

funciona ben se instauraría para as próximas sesións.

**1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 24 DE XANEIRO (ORDINARIA).**

Non formulándose observacións, fica aprobada por unanimidade.

**2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 31 de decembro 2018; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xaniero; unha; sobre aboamentos.

Do 28 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xaneiro;catro; dúas, sobre requirimentos; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro; cinco; unha, sobre inadmisión comunicación previa actividades; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 01 de febreiro; dúas; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos..

Do 04 de febreiro; tres; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de febreiro; cinco; dúas; sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia counciación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de febreiro; cinco; unha, sobre concesión permiso para exame; unha, sobre declaración en situación servizo noutra admón. a funcionario; unha, sobre concesión permiso por falecemento familiar; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de febreiro; trece; seis, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre requirimento; unha, sobre inadmisión reclamación; unha, sobre aprobación taxa ocupación via publica con valas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de febreiro; dez; unha, sobre bonificación IVTM; cinco, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre eficacia comunicación previa cambio titularidade actividade; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de febreiro; vinte e catro; dezaseis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, concesión permiso para xuízo; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de febreiro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre expte. 17IAE/2018; unha, sobre expte. sancionador 1/2019; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre concesión vacacións.

Do 13 de febreiro, once; oito, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de febreiro; once; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; tres, sobre exención IVTM; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre expte. sancionador 11; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro; once; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre exención IVTM; unha, sobre requirimento; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; dúas, sobre tenza animais potencialmente perigosos; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro; cinco; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de febreiro, dez; cinco, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de febreiro; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de febreiro; dúas; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre enterramento.

Do 22 de febreiro; quince; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; nove; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión asuntos propios. dúas, sobre compensación débedas; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de febreiro; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de febreiro; tres; unha, sobre concesión e suspensión prazo; dúas, sobre aboamentos.

### 3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2019.

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de febreiro de 2019 do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO. Que se probe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.2/2018, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º Créditos extraordinarios ( Partidas non existentes no Orzamento)

PARTIDA FINS ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO SE PROPÓN	TOTAL
171.62500 Dotación de xogos para parque infantil na Alameda do Concello	0	14.309,46	14.309,46
165.21900 Gastos de conservación, reparación de alumado público e instalacións eléctricas municipais	50.000	20.000	70.000

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN 34.309,46

#### 2º PARTIDAS A MINORAR

PARTIDA TOTAL ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	DISMINUCIÓN SE PROPÓN
12004.932 3.667,82 (1)	7.3335,63	3.667,81
12101.932 11.733,47 (2)	13.876,55	2.143,08

12009.932	7.349,61	3.638,21
3.711,40 (3)		
16000.221	481.301,59	7.572,90
473.728,69(4)		
12100.932	14.574,91	7.287,46
7.287,45 (5)		
150.13100	11.907,44	10.000
1.907,44 (6)		

TOTAL DISMINUCIÓN QUE SE PROPÓN 34.309,46

- (1) Retribución básica ( soldo base) da praza vacante de Auxiliar Recadación, 6 meses de dotación orzamentaria.
- (2) Retribución complementaria ( complemento específico) da praza vacante de auxiliar recadación 6 meses de dotación orzamentaria
- (3) Retribución básica ( paga extraordinaria) da praza vacante de interventor e da praza de auxiliar de recadación , 1 mes de dotación orzamentaria
- (4) Seguridade social a cargo da empresa das prazas vacantes existentes no orzamento municipal
- (5) Retribución complementaria ( complemento destino) da praza vacante de auxiliar recadación, 4 meses de dotación orzamentaria e retribución complementaria ( complemento de destino ) da praza vacante de interventor , 5 meses de dotación orzamentaria.
- (6) Retribución auxiliar ( servizos urbanísticos) Persoal laboral 9 meses.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE , CXG , reservanse para o Pleno PP, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

- D Manuel Vázquez González (CXG).- A favor.  
 D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A favor.  
 D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor.  
 D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Agradecer o apoio.

O pleno do concello de Ribadavia, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.2/2018, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

- 1º Créditos extraordinarios ( Partidas non existentes no Orzamento)

PARTIDA FINS ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO SE PROPÓN	TOTAL
171.62500 Dotación de xogos para parque infantil na Alameda do Concello	0	14.309,46	14.309,46
165.21900 Gastos de conservación, reparación de alumado público e instalacións eléctricas municipais	50.000	20.000	70.000

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN 34.309,46

2º PARTIDAS A MINORAR

PARTIDA TOTAL ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	DISMINUCIÓN SE PROPÓN
12004.932 3.667,82 (1)	7.3335,63	3.667,81
12101.932 11.733,47 (2)	13.876,55	2.143,08
12009.932 3.711,40 (3)	7.349,61	3.638,21
16000.221 473.728,69(4)	481.301,59	7.572,90
12100.932 7.287,45 (5)	14.574,91	7.287,46
150.13100 1.907,44 (6)	11.907,44	10.000

TOTAL DISMINUCIÓN QUE SE PROPÓN 34.309,46

**4.- MOCIÓN RBC PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PASARELA PEONIL EN RIBADAVIA SOBRE O RÍO AVIA E QUE UNA A VERONZA E SAN FRANCISCO.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Comercio, Parque Empresarial, Promoción do Emprego, Obras Públicas e Infraestruturas do seguinte tenor literal:

Ribeiro en Común reclama a construción dunha nova pasarela peonil sobre o río Avia entre o Pavillón municipal e a Veronza. Ribeiro en Común rexistrou recentemente unha

Moción na que reclama a mellora de toda a zona do Consello así como do entorno do Pavillón municipal que se atopa abandonado. Esta reclamación foi previa á proposta que Ribeiro en Común considera unha infraestrutura fundamental, a construción dunha Pasarela peonil entre A Veronza e San Francisco.

Ribeiro en Común defende que desde o Concello debe traballarse desde xa na construción desta pasarela peonil que una estas dúas importantes zonas de Ribadavia. A Veronza é onde se atopa o principal parque e área recreativa de Ribadavia, o centro de saúde, e a agrupación de Colexios de Ribadavia e IES Ribeiro, ademais da rúa do Carballiño onde xa se atopa unha importante zona de vivendas. Do outro lado do río ademais do Pavillón municipal tamén están as estacións de tren e a de buses e o barrio de San Francisco.

A idea era unha histórica reclamación dos veciños e veciñas de San Francisco, barrio que se vería moi beneficiado para comunicarse e desprazarse a servizos tan importantes como o centro de saúde e os centros de educación. Pero ademais crearía un beneficio recíproco para as veciñas e veciños que viven na rúa do Carballiño e na Veronza. A pesar dos beneficios evidentes para a veciñanza de Ribadavia en xeral, nunca se chegou a plasmar. Nestes 4 anos desde o actual goberno nada se fixo, ningunha xestión nin partida. En ningún Orzamento municipal se recolleu partida ao respecto, e algo similar sucedeu nas escasas entrevistas desde goberno con Administracións superiores, onde nunca plantexaron nada para facer realidade esta vella reclamación.

Pero non só falamos dunha nova pasarela sobre o río Avia para comunicar A Veronza con San Francisco, hai outra moitas melloras que acometer nestas zonas. Consideramos que fai falta un Plan de mellora de toda a zona do Consello, comezando pola actual presa da Veronza que a une coa antiga fábrica de luz e que se atopa en estado de abandono. Debe mellorarse de maneira inmediata toda a área do Pavillón municipal do Consello. Consideremos que non é nada difícil de levar a cabo este proxecto de mellora dunha zona moi importante para Ribadavia.

Por todo isto, para Ribeiro en Común esta sería unha das infraestruturas básicas a acometer para a lexislatura que ven, e por iso se compromete a reclamar desde xa que o Concello de Ribadavia comece a traballar para que o ante posible esta pasarela sexa unha realidade. Ribadavia debe pasar de ideas a feitos, este é o único compromiso de Ribeiro en Común, facer realidade proxectos que melloren a vida das nosas veciñas e dos nosos veciños.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Que se constrúa unha nova Pasarela peonil en Ribadavia sobre o río Avia que una toda a zona da Veronza e o barrio de San Francisco á altura do Pavillón municipal do Consello.**
- 2. Que o Concello de Ribadavia comece as xestións pertinentes para facer posible a construción desta infraestrutura e poida ser unha realidade na próxima lexislatura.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, CXG, PSOE , reservanse para o Pleno , PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Boa tarde a todas e todos, tamén aos que nos seguen pola páxina web. Esta é unha vella reivindicación, de décadas. A pedía a Asociación de Veciños de San Francisco , e é máis necesaria que nunca. Une dos barrios e infraestruturas moi importantes. A proposta é realizable, se pide que sexa peonil, aínda que estives proxectado un paso de automóviles xa que é demasiado costoso.

D Manuel Vázquez González (CXG).- Boas tardes a todos e todas, tamén aos que nos seguen telemáticamente. É unha moción interesante, estamos a favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- Estamos a favor, aínda que non vai a ser nesta lexislatura , polo tempo e pola falta de dotación económica. É unha moción case histórica, vertebraría os dous laterais de Ribadavia. Sería unha boa inversión.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Non é unha reivindicación nova, é unha demanda histórica. Estamos a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos parece unha idea interesante. Se intentou na anterior lexislatura, pero houbo que actuar na pasarela da Foz.A Confederación Hidrográfica está estudando as cotas, a ver si é posible. Vertebraría as dúas orillas do Avia.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Agradecer o bo apoio á moción. O aval da unanimidade é importante de cara a outras administracións públicas, é un apoio importante. O traballo de RBC trae esta moción a pleno, que viu unha única vez estes catro anos, ésta.

*O Pleno do Concello de Ribadavia,por unanimidade, ACORDA:*

**1.-Que se constrúa unha nova Pasarela peonil en Ribadavia sobre o río Avia que una toda a zona da Veronza e o barrio de San Francisco á altura do Pavillón municipal do Consello.**

**2.-Que o Concello de Ribadavia comece as xestións pertinentes para facer posible a construción desta infraestrutura e poida ser unha realidade na próxima lexislatura.**



#### **4.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA REFORME E MELLORE O ENTORNO HISTÓRICO DA PORTA NOVA E DO PARQUE ROBLA.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Comercio, Parque Empresarial, Promoción do Emprego, Obras Públicas e Infraestruturas do seguinte tenor literal:

Durante toda a legislatura e en sucesivos Plenos municipais o grupo de Ribeiro en Común solicitamos a mellora do entorno tanto da Porta nova como do Parque Robla, xa que entendemos que o seu estado non é o máis acaído a pesar de ser dous puntos referencias e emblemáticos do noso casco histórico, non só para as veciñas e veciños de Ribadavia senón tamén como punto importante de visita turístico.

Ademais, propoñemos a limpeza e arranxo do solo desta zona e o arranxo do camiño que une a rúa extramuros co campo da feira. Así, como a substitución dos colectores de superficie e o de aceites usados. Tamén a instalación dun novo bolardo para evitar que se aparque encima da “beirarrúa” así como nas inmediacións da Porta nova. Neste anos de legislatura deuse unha importante situación de suciedade e abandono, así como a acumulación excesiva de coches nesta zona. Neste sentido entendemos que esta zona da rúa Extramuros debe ser declarada zona de aparcadoiro exclusivo de residentes.

Pedimos, unha vez máis, que desde o Concello se lidere a iniciativa aprobada en Pleno a proposta de Ribeiro en Común para facerse co solar da rúa Portanova de arriba, que na actualidade é usadas polos veciños para aparcar, e se aumente dito espazo para o ben común no que instalar unha praza pública con bancos e axardinamento, en definitiva mellorar a zona, e facilitando que as veciñas do casco histórico poidan aparcar cerca das súas vivendas na rúa Extramuros.

O mesmo debe facerse co parque Robla e con todo o seu entorno, incluíndo: as inmediacións do centro socio-comunitario así como a fonte abandonada que ocupa o centro do parque. Esta é tamén unha das zonas máis visitadas e que a veciñanza ribadaviense máis usa no barrio da Madalena.

Nos tres casos, Portanova, rúa Portanova de arriba e Parque Robla, desde o Concello debe facerse un proxecto de reforma e mellora destes lugares emblemáticos do casco histórico de Ribadavia, e poñerlle fin ao abandono sufrido nestes 4 anos.

Por estes motivos propomos ao pleno do concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.-Que o Concello de Ribadavia reforme os espazos singulares da PORTANOVA e do PARQUE ROBLA, mellorándoos a través dun proxecto integral por ser moi importantes para a boa saúde do Casco histórico de Ribadavia.

2.-Que o Concello de Ribadavia adquira o solar vello da rúa Portanova de arriba e o converta nunha praza pública humanizada.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, CXG, PSOE , reservanse para o Pleno , PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A xunta de goberno local ten aprobada unha solicitude para o Parque Robla, nos centraremos no entorno da Porta Nova, extramuros e intramuros, debe estar mellor cuidado e mellor integrado no casco histórico. O concello debe adquirir este soar e convertelo nunha praza pública, e concello ten medios para actuar, debendo primar o diálogo. Esta moción entronca co aparcamento para residentes e o carácter de monumento da Porta Nova.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor de todo o que sexa positivo para os veciños.

D Xacobe García Soto (BNG).- O BNG presentou unha moción similar ao segundo punto de esta moción. Se facía fincapé na valoración do patrimonio etnográfico relacionado co viño. A porta exterior da Porta Nova require unha adecuación para veciños e turistas, é moi fotografiada. Hai que revestir os muros de bloque.

D César Manuel Fernández Gil(PP).- É un entorno destacable que hai que mellorar e poñer en valor.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- A favor, coas dificultades que poida supoñer conquistar o espazo.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Agradecer o voto favorable, agardando que sexa unha realidade.

O Pleno do Concello de Ribadavia, por unanimidade, ACORDA:

1.-Que o Concello de Ribadavia reforme os espazos singulares da PORTANOVA e do PARQUE ROBLA, mellorándoos a través dun proxecto integral por ser moi importantes para a boa saúde do Casco histórico de Ribadavia.

2.-Que o Concello de Ribadavia adquira o solar vello da rúa Portanova de arriba e o converta nunha praza pública humanizada.

**5 .- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO DIFERENTES ACTUACIÓNS NA LOCALIDADE DE SANTO ANDRÉ DE CAMPORREDONDO.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Comercio, Parque Empresarial, Promoción do Emprego, Obras Públicas e Infraestruturas do seguinte tenor literal:

A lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala no seu artigo 26.1) que os concellos deben prestar en todo caso os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado. Segundo este precepto legal os servizos de abastecemento e saneamento son competencias propias de todos os concellos, de tal xeito que é responsabilidade municipal que os veciños de todos os núcleos de poboación do concello conten con este servizo básico garantizado.

Na localidade de Santo André de Camporredondo o abastecemento de auga faise a través dunha traída veciñal que, en moitas ocasións, ten problemas por falta de mantemento da mesma, unha cuestión esta que provoca que, ao longo do ano, existan problemas de abastecemento de auga nesta localidade. Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia temos alertado en numerosas ocasións sobre esta situación , chegando a propoñer que se incluíse unha partida no orzamento municipal de 2018 para levar a cabo todas as actuacións precisas para garantir o abastecemento de auga da localidade de Santo André de Camporredondo; unhas actuacións que consistían fundamentalmente en:

Adecentar as minas existentes , buscar algunha mina máis para abastecer o pozo e, se fose preciso , facer un novo pozo de barrena.

Poñer tapas aos mananciais e pozo de barrena que funciona por sifón, e revisar e preparar tapas de arquetas existentes.

Legalizar instalación de corrente eléctrica do pozo existente e facer contrato para o contador.

Limpar de maleza nos arredores dos mananciais e dos depósitos, deixando unha franxa de aproximadamente cinco metros libres de maleza.

Pois ben, daquela banda o goberno fixo caso omiso das demandas do grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia e deu as costas ás necesidades da veciñanza de Santo André polo que, a día de hoxe, a situación segue exactamente igual e os problemas co abastecemento de auga continúan a aparecer de xeito mais ou menos regular.

Ademais da necesidade de acometer , de xeito urxente, estas actuacións, dende o grupo municipal popular sempre defendemos que o servizo debía ser prestado directamente polo concello en todos os núcleos de poboación, polo que tamén propuxemos en febreiro de 2018 que se incluíse nos orzamentos municipais para partida orzamentaria para a redacción de proxectos de extensión da rede de abastecemento e saneamento municipal a todas as localidades que non estivesen conectadas a esta rede. Desgraciadamente , esta proposta foi tamén rexeitada polo goberno municipal.

Por outra banda, a localidade de Santo André está atravesada pola estrada de titularidade autonómica OU-211, unha estrada que, ao seu paso por esta localidade non conta con

beirarrúas ou sendas peonís que permitan o tránsito seguro dos peóns ao longo de toda a localidade. Dende o grupo municipal popular consideramos que esta tamén é unha cuestión que debe ser resolta o antes posible, garantindo a seguridade dos peóns nesta localidade.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia somete á consideración do pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

1 ) Instar ao goberno municipal a levar a cabo as seguintes actuacións para garantir o abastecemento de auga na localidade de Santo André de Camporredondo:

Adecantar as minas existentes, buscar algunha mina máis para abastecer o pozo , e se fose preciso, facer un novo pozo de barrena.

Poñer tapas aos mananciais e pozo de barrena que funciona por sifón , e revisar e preparar tapas de arquetas existentes.

Legalizar instalación de corrente eléctrica do pozo existente e facer contrato para o contador.

Limpar de maleza nos arredores dos mananciais e dos depósitos , deixando unha franxa de aproximadamente 5 metros libres de maleza

2 ) Iniciar os trámites necesarios diante da Consellería de Infraestruturas , administración titular da estrada OU-211 , para que se proceda á construción dunha senda peonil nesta estrada ao seu paso pola localidade de Santo André de Camporredondo.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Se solicitan dúas actuacións en Santo André, a mellora da rede de augas, que xa se pedía que se dotase nas alegacións ao orzamento do ano 2018, que algúns chamaron carta aos Reis Magos. Nos somos partidarios de estender á rede municipal a todo o concello. Tamén hai que estudar a posibilidade dun novo pozo de barrena.

Por outra banda, e é unha petición dos propios veciños, que no tramo urbano da OU-211 en que non hai beirarrúas , que a Xunta habilite unha senda peonil nun dos sentidos da estrada.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Estamos a favor de todo o que sexa mellorar as condicións de vida dos veciños.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, en abril de 2018 RBC trouxo a Pleno a cuestión da falta de auga en Santo André, o problema sigue existindo. O PP recomenda actuar con medicación, sería executable, pero hai que curar a enfermidade, hai que estender a rede de auga a todos os núcleos. A lexislación da a potestade, é obrigatorio para os concellos estender a rede de abastecemento a todo o termo municipal, hai que avanzar nesa dirección. Se require a colaboración da Xunta e do Estado. A Grova, As Chabolas, Sanín.... Esperamos que a enfermidade se resolva a curto prazo.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este tema se trouxo por varios grupos. Ampliar o abastecemento a Santo André, non é algo inmediato. Hai que atallar o problema agora. O concello ten que dar o servizo. As comunidades de augas e de regantes se estenden ao longo do país. As demandas son correctas e reclamadas polos veciños. A senda peonil na beirarrúa é importante tamén para o Museo do Viño.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Hai que matizar que o goberno xa fixo xestións, ampliou as captacións, axudou tamén no tema eléctrico. O concello se mete e non ten control na analítica das augas, coidado coas responsabilidades penais que se poidan dirimir. Hai que ver si aos veciños lles interesa incorporarse á rede municipal, agora non pagan canon. A senda peonil nos parece un avance.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Agradecer o apoio á moción. O ser unha competencia municipal pode haber unha responsabilidade civil subsidiaria do concello.

O pleno do concello, por unanimidade, acorda:

1 ) Instar ao goberno municipal a levar a cabo as seguintes actuacións para garantir o abastecemento de auga na localidade de Santo André de Camporredondo:

Adecentar as minas existentes, buscar algunha mina máis para abastecer o pozo , e se fose preciso, facer un novo pozo de barrena.

Poñer tapas aos mananciais e pozo de barrena que funciona por sifón , e revisar e preparar tapas de arquetas existentes.

Legalizar instalación de corrente eléctrica do pozo existente e facer contrato para o contador.

Limpar de maleza nos arredores dos mananciais e dos depósitos , deixando unha franxa de aproximadamente 5 metros libres de maleza

2 ) Iniciar os trámites necesarios diante da Consellería de Infraestruturas , administración titular da estrada OU-211 , para que se proceda á construción dunha senda peonil nesta estrada ao seu paso pola localidade de Santo André de Camporredondo.

## **6.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA NOMEIE FILLO PREDILECTO DE RIBADAVIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON XOSÉ CARLOS ALFARO.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura do seguinte tenor literal:

Ribeiro en Común fai a proposta de Nomeamento de Fillo Predilecto, a título póstumo, de Don Xosé Carlos Gómez Alfaro, cando se cumpre neste ano 2019 o 70 aniversario do seu nacemento. Persoa nacida no noso municipio e de demostrada calidade, mérito e servizo en beneficio e honra de Ribadavia, e do Ribeiro, requisitos recollidos no Regulamento de honras e distincións do Concello de Ribadavia.

Xosé Carlos Gómez Alfaro, poeta do Ribeiro, nace nas Chabolas o 10 de febreiro de 1949. Estudou, coma moitos da súa xeración, no Seminario de Ourense, e fixo a licenciatura en Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor de secundaria na Guarda durante 30 anos. Foi un escritor galego que destacou

pola súa faceta como poeta. Deuse a coñecer co libro “De rodillas” en 1969. A partir de 1970 escribirá só en galego. Como deixou escrito Román Raña, “Xosé Carlos Gómez Alfaro tamén publicou textos prosísticos, sendo colaborador de diversas revistas e xornais editados en Galicia. A pesar de ser un home de humildes silencios, de non se prodigar en actos públicos, de defender e preservar a súa privacidade dun modo esaxeradamente obstinado, veremos porén que, pouco e pouco, o seu recoñecemento público foi aumentando considerablemente nos últimos anos e mereceu, por todo isto, varios premios poéticos e xornalísticos, entre os que debemos salientar os Meigas e Tragos, Rosalía de Castro, Concello de Marín, o Antón Tovar e o premio de poesía Cidade de Ourense en dúas ocasións, nos anos 2004 e 2006”.

A súa obra de Poesía:

As labaradas da lembranza, Mancomunidade do Baixo Miño, 1996.

Alba plena do alén, Espiral Maior, 1997.

Os ciclóns do sino, Deputación de Ourense, 1997.

Matria da néboa, Ediciós do Castro, 1997.

Ofertorio de solpores, Espiral Maior, 1999.

Pasos cara á alba, Follas Novas Edicións, 2000.

Alén do lume, Espiral Maior, 2002.

O clamor da eclipse, Espiral Maior, 2004.

Confíteor, Litoral das Rías, 2005.

Mar aberto, Espiral Maior, 2007.

Poesía galega toda, Editorial Danú/PEN Clube de Galicia, 2009. Edición de Román Raña.

Obras colectivas:

Homenaxe poética ao trobador Xohan de Requeixo, 2003.

23 poetas cantan a don Antonio Machado, Hipocampo, 2004.

Poetas con Rosalía, Fundación Rosalía de Castro, 2006.

A Coruña á luz das letras, Trifolium, 2008.

Tamén navegar, Toxosoutos, 2011.

Gómez Alfaro falecerá na Guarda o 14 de maio de 2008. O 19 de setembro de 2009 tivo lugar no noso municipio unha xornada de lembranza e homenaxe do noso poeta organizada polo Centro PEN- Galicia e na que participaron o Concello de Ribadavia e o Concello de Cenlle, así como a Deputación e a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia. Un programa vizoso que contou cunha representación de altura do mundo da poesía e das letras galegas. Nesta xornada do ano 2009 tamén se desvelou unha placa de memoria e homenaxe na súa casa natal.

Recordamos que recentemente o Concello da Guarda realizou en novembro de 2018 o nomeamento de fillo adoptivo de dito Concello, onde Gómez Alfaro se estableceu como profesor durante décadas.

Desde a nosa humilde opinión, o pobo ribadaviense, representado pola súa Corporación Municipal en Pleno, debe tributarlle a título póstumo, esta homenaxe merecida en resposta e agradecemento das innumerables creacións que o noso Poeta dedicou ás terras de Ribadavia e do Ribeiro, e das que foi un inmellorable embaixador e valedor.

Por estes motivos propomos *ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*



Que o Concello de Ribadavia proceda ao Nomeamento de fillo predilecto de Ribadavia a título póstumo, a Don Xosé Carlos Gómez Alfaro. Seguindo o Regulamento de honras e distincións do Concello de Ribadavia de 29 de xuño de 2012

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP,BNG,RBC e CXG , reservanse para o Pleno PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Esta proposta de acordo a facemos por dúas consideracións , o valor intelectual da obra de don Xosé Carlos Gómez Alfaro, e que na súa poesía , na súa obra as terras de Ribadavia e do Ribeiro están sempre presentes. Foi un gran embaixador e valedor de Ribadavia, aínda que a súa vila laboral se desenvolveu en A Guarda.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor, fixo unha gran labor intelectual e deu a coñecer Ribadavia.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor, é unha figura literaria, é o único poeta cunha gran obra nacido en Ribadavia.. Coa súa poesía fixo de embaixador da nosa comarca.

D César Manuel Fernández Gil (PP)-Boa proposta, estamos de acordo en todo o dito.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos parece unha proposta moi positiva. Lembrar que hai que tramitar un expediente.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Moitas grazas polo apoio. No acordo xa se pide que se tramite o expediente fixado no regulamento. Foi chamado poeta nacional do Ribeiro por Alonso Montero.

*O Pleno do Concello de Ribadavia, por unanimidade, ACORDA:*

Que o Concello de Ribadavia proceda ao Nomeamento de fillo predilecto de Ribadavia a título póstumo, a Don Xosé Carlos Gómez Alfaro. Seguindo o Regulamento de honras e distincións do Concello de Ribadavia de 29 de xuño de 2012

## **7.-MOCION RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA ESTABLEZA UNHA ZONA DE APARCAMENTO PARA RESIDENTES E COMERCIOS DO CASCO HISTÓRICO.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Comercio, Parque Empresarial, Promoción do Emprego, Obras Públicas e Infraestruturas do seguinte tenor literal:

Durante toda a legislatura o grupo de Ribeiro en Común demandou que desde o Concello se lle prestara atención á demanda que existe na zona monumental de Ribadavia para o aparcamento dos veciños e veciñas. A pesar desta reclamación o goberno local ignorou esta problemática. Ribeiro en Común levará unha vez máis ao Pleno que se aproben zonas específicas para veciños e veciñas do casco histórico así como para clientes do comercio local.

No seu día creouse, desde o Concello fai máis de 10 anos, unha tarxeta para residentes que foi todo un fracaso xa que os puntos de entrada e saída acabaron oxidados e sen chegarse nunca a usar, e iso a pesar dos milleiros de euros que custou.

Os veciños e veciñas teñen unha dificultade moitas veces para atopar onde aparcar, sobre todo en fin de semana e verán para aparcar, xa que a lóxica prohibición de non aparcar no casco histórico nunca foi acompañada do establecemento de zonas de aparcamento, por exemplo na rúa Extramuros ou San Martín, ou o campo da feira- rúa Álvaro Cunqueiro, zonas que serían moi propicias para esta función.

Por todo isto, Ribeiro en Común esíxelle ao goberno que estableza medidas favorecedoras para a veciñanza do casco histórico así como para a clientela do comercio asentado no casco histórico, como xa existen en outros municipios con zonas monumentais menos importantes.

Levamos toda a legislatura poñendo en valor o casco histórico fronte ao abandono do actual goberno, este é un exemplo máis dese desinterese pola zona monumental, xa que a pesar do enorme valor dun dos mellores cascos históricos de Galicia o actual goberno nada fixo para o seu coidado e revitalización. Quizais pretende tapalo con anuncios preelectorais, pero a realidade é que ningunha mellora ou intervención real se levou a cabo en toda a legislatura.

A pesar de estar reclamada e solicita en moitas ocasións a Comisión de Tráfico preferiu omitirse e ignorarse.

Propónse ao pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o Concello de Ribadavia estableza unha zona de aparcamento para veciños e veciñas censadas no casco histórico de Ribadavia, así como para o comercio local da zona monumental.
2. Que o Concello estableza, en cando menos, na Rúa Extramuros- desde a Portanova en diante, Rúa San Martín, e zona do Campo da feira, zonas de aparcamento exclusivas para todos veciños e veciñas residentes no casco histórico así como para o comercio local asentado na zona monumental. Podendo existir máis zonas, e sendo estas zonas empregadas de maneira exclusiva ou mixta, debendo para elo ser introduzo na normativa de tráfico.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- No entorno da Porta Nova , os veciños detectamos problemas para aparcar en días puntuais e en horas puntuais. O casco histórico precisa medidas en positivo para a veciñanza e o comercio local. A normativa prevé que non se poida aparcar da Porta Nova cara abaixo , a muralla medieval se ten que ver. Hai etapas



do fin de semana en que non se pode aparcar na rúa Extramuros. Que o aparcamento sexa exclusivo para residentes. Hai que facer un censo de residentes do casco histórico con coche e facer tarxetas. Non se debería permitir aparcar no entorno da fonte. Pedimos unha comisión de tráfico para que se leve a cabo. O problema existe.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Considero que se debían reunir os portavoces na Comisión de tráfico e valorar unha actuación xeral no casco histórico. Ver as propostas e buscar o consenso. Me parece acertado o espírito da moción.

D Xacobe García Soto (BNG).- Foi unha oportunidade perdida nesta lexislatura regular o tráfico en Ribadavia. Só se reuniu unha vez a Comisión de Tráfico. A xente se queixa do tema do aparcamento. A moción se refire a dúas zonas sensibles. Se podía establecer unha duración de quince minutos para aparcar e facer servizos. Foi unha pena non debatir a cuestión na comisión de tráfico. Os veciños do casco histórico teñen moitas dificultades para aparcar cerca da casa.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Coincidimos plenamente coa argumentación conscientes do problema. Se pediu a Comisión de Tráfico, quizás xa pasou o tempo. Estamos a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O camiión do lixo non podía recoller os contenedores. Hai que regular, ver a franxa horaria. Que se poida aparcar para levar carga pesada cerca dos domicilios.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A comisión de tráfico non a houbo, é un organismo para traballar. Os acordos aprobados deben ser executados. Estamos dispostos a dialogar para levar a cabo esta moción. Os veciños necesitamos solucións. Hai un aparcamento público infrutilizado na Alameda, que se aumente o horario de apertura ao público.

O Pleno do Concello de Ribadavia co voto a favor de PSOE (5), PP (5), BNG e RBC e abstención de CXG, ACORDA:

1. Que o Concello de Ribadavia estableza unha zona de aparcamento para veciños e veciñas censadas no casco histórico de Ribadavia, así como para o comercio local da zona monumental.
2. Que o Concello estableza, en cando menos, na Rúa Extramuros- desde a Portanova en diante, Rúa San Martín, e zona do Campo da feira, zonas de aparcamento exclusivas para todos veciños e veciñas residentes no casco histórico así como para o comercio local asentado na zona monumental. Podendo existir máis zonas, e sendo estas zonas empregadas de maneira exclusiva ou mixta, debendo para elo ser introduzo na normativa de tráfico.

**8.- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A CESIÓN AO CRA AMENCER DO ESPAZO EXISTENTE NA SEGUNDA PLANTA DO EDIFICIO DA ESCOLA DE SAMPAIO, COA FINALIDADE DE LEVAR A CABO UNHA AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA E CREACIÓN DUNHA SALA DE USOS MÚLTIPLES QUE PERMITA IMPLEMENTAR NOVOS PROXECTOS EDUCATIVOS .**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura e Medio Ambiente de data 21 de xaneiro de 2019 do seguinte tenor literal:

O Centro Rural Agrupado Amencer ten a súa sede situada na localidade de San Paio, e está formado por tres escolas nas localidades de San Cristovo, Sampaio e Francelos, pertencentes ao Concello de Ribadavia. Un exemplo de centro rural que grazas á totalidade da comunidade educativa participa en numerosos proxectos educativos e atesoura uns magníficos resultados no que a calidade educativa se refire.

A sede do centro, situada en Sampaio, concentra todos os servizos administrativos e de dirección, así como servizos educativos complementarios coma pode ser a biblioteca. Precisamente a biblioteca, tal e como sinalan dende a dirección do centro, foise acondicionando pouco a pouco e sempre sobre os recursos propios dos que vai dispoñendo o centro educativo. Hoxe a biblioteca comeza a quedar pequena e ademais, tal e como nos contan dende a propia dirección do centro, sería moi positivo contar con novos espazos no centro para implementar novos proxectos educativos, xa que de cara ao vindeiro curso o centro ten intención de iniciar os proxectos de robótica enmarcados na estratexia EDIXGAL.

Tendo presente que na segunda planta do edificio de Sampaio, na mesma altura na que se atopa a biblioteca do centro, existe un espazo baleiro de titularidade municipal que podería ser utilizado para estas finalidades, dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que sería moi positivo que o concello cedera este espazo ao CRA e ademais colaborara no acondicionamento do mesmo para poder crear unha sala de usos múltiples que permitiría dunha banda, servir de ampliación a biblioteca, e doutra banda, ser un novo espazo para o desenvolvemento de novos proxectos educativos coma pode ser o caso do proxecto de robótica que dende o propio centro se quere iniciar de cara ao vindeiro curso.

Por todo o exposto o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia someta á consideración do pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Instar ao goberno municipal a ceder o uso do espazo baleiro existente na segunda planta da escola de Sampaio para que se poida empregar como sala de usos múltiples para implementar novos proxectos educativos.
- 2) Instar ao goberno municipal a, unha vez feita efectiva a cesión solicitada no primeiro punto desta moción, colaborar con medios económicos, materiais e humanos no acondicionamento deste espazo para que poida estar en servizo no vindeiro curso 2019-2020.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, reservanse para o Pleno PSOE, BNG, RBC, CXG; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D César Manuel Fernández Gil (PP).-Pedimos a cesión de espazo no colexio de San Paio ao CRA Amencer. Para implementar o programa da asignatura de robótica no CRA Amencer, se require o espazo. O profesorado está a recibir un programa de

capacitación. Sería unha aposta do concello por este tipo de educación. Con medios do concello que se fagan as obras de adecuación . A cuestión ten unha premura temporal.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Boa iniciativa, antes pronunciarme quería escoitar ao portavoz do goberno.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estou a favor da proposta, sempre que sexa executable e realizable.

D Xacobe García Soto (BNG).- Hai unha dinámica de despoboación no rural, os CRA están a vangarda de proxectos educativos novidosos, e de desenvolvemento rural. A aula está a disposición do concello, é unha proposta interesante.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Todo o que sexa mellorar o nivel educativo é interesante. Estamos de acordo en facer de intermediario coa asociación que o usa. Que a Consellería de Educación nos faga unha petición formal.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A dirección do centro é autónoma e fai o proxecto educativo.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Queremos saber as condicións.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A consellería ten unha serie de programas educativos , entre eles robóticos. O centro opta pola robótica, en marzo os profesores inician a formación , se necesita un espazo, unha aula para uso educativo. Pedimos que o concello colabore con medios económicos na obra. Esta cuestión se falou no Consello Escolar.

D<sup>a</sup> María López Touza (PSOE).- No Consello Escolar o único que se falou e que se preguntase de quen era, dunha asociación que ten ahí ordenadores.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Hai que saber si realmente temos o espazo.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Non nos perdamos en formalidades.

Alcalde.- As formalidades dependen de a quen van dirixidas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Creo que as cousas hai que facelas entre administracións, non nos perdamos en formalidades, se a petición é posible que se faga cos parámetros legais. Hai que cumprir os trámites legais.

D Xacobe Garcia Soto (BNG).- Habrá que resolver a capacidade que temos para facelo, formar os nosos nenos nun área importante.Todos coñecemos a situación dos locais sociais.Despois acordo entre administracións.

D César Manuel Fernández Gil (PP).-Parto da premisa de que a relación entre dúas Administracións debe estar regulada polo dereito administrativo, faría falta un convenio, non hai problema en incluílo no acordo. A iniciativa nos parece interesante. Raiders do Ribeiro garda material ahí, pero dicen que é pouco. Se non se pode ceder, o uso ideal sería o educativo.

Alcalde.- A idea nos parece ben, a proposta tería que ser instar ao goberno municipal a ceder. Non se pode desvestir un santo para vestir outro. Ahí hai ordenadores de outra asociación. Habería que facer un convenio. O centro educativo se tería que dirixir formalmente ao goberno. Ten que haber un proxecto educativo da Consellería e ver quen financia as obras. O que non pode ser é que unha administración teña que facerse responsable cando a competencia é de outra, cada un ten as súas competencias, só faltaba que o concello pague aos profesores. A xunta daba 20.000 euros para as limpiadoras de colexio e os deixou de dar. Os cartos do concello non son infinitos. A petición se ten que facer con detalle dende a Administración. Non temos claro o proxecto, hai outras asociacións que disfrutan ese espazo.

O pleno do concello de Ribadavia, co voto a favor de PP(5) ,BNG e RBC, e abstención de PSOE (5) e CXG, ACORDA:

1) Instar ao goberno municipal a ceder o uso do espazo baleiro existente na segunda planta da escola de Sampaio para que se poida empregar como sala de usos múltiples para implementar novos proxectos educativos.

2) Instar ao goberno municipal a, unha vez feita efectiva a cesión solicitada no primeiro punto desta moción, colaborar con medios económicos , materiais e humanos no acondicionamento deste espazo para que poida estar en servizo no vindeiro curso 2019-2020.

## **9.- Moción RBC para que o concello de Ribadavia mellore de maneira urxente o material de seguridade para intervencións do GES-EMERXENCIAS RIBADAVIA.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de 21 de febreiro de 2019 do seguinte tenor literal:

Nesta lexislatura que remata, e en sucesivos Plenos municipais, o grupo de Ribeiro en Común solicitamos que o Concello de Ribadavia levara a cabo diversas melloras para o beneficio do servizo municipal do GES- Emerxencias Ribadavia.

O Pleno de xaneiro de 2017 aprobou un acordo encamiñado a que os traballadores do GES, como grupo, viran reforzada a súa estabilidade contractual co Concello, tal e como están a reclamar moitos traballadores de toda Galicia, e en todo caso conforme á lei.

En febreiro de 2017, na prensa local recollíase que fora aprobada a “Moción do grupo Ribeiro en Común que instaba ao Concello de Ribadavia a promover a mellora das instalacións do GES O Ribeiro”. Continuaba a prensa dicindo que “El alcalde de Ribadavia, Ignacio Gómez, recordó que el proyecto para dicha actuación hace tiempo que es una prioridad del Concello, aunque se tuvo que negociar con Cruz Vermella,

guardaba una ambulancia en este lugar, que ha sido trasladada al aparcamiento municipal”.

En xaneiro de 2018, Ribeiro en Común pide dotar e mellorar os medios do servizo GES-Emerxencias Ribadavia, que se cumpran os compromisos adquiridos no seu momento e se melloren as dotacións do servizo do GES-Emerxencias Ribadavia. Para abordar todos estes asuntos, Ribeiro en Común reclama que se convoque unha comisión de Seguridade con carácter urxente.

Así mesmo, recordamos que o noso grupo ten solicitada unha xuntanza de todos os grupos cos traballadores do servizo GES, e que non foi aceptada por parte do goberno.

Rematando a lexislatura, Ribeiro en Común considera que o único que debe ser prioritario é a adopción de melloras na seguridade dos traballadores do GES de Ribadavia, todas as demais medidas, sendo moi importantes e xustas, parece indicar que terán que agardar ao novo goberno municipal electo no mes de maio.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

1.-Que o Concello de Ribadavia a través do goberno actual realice o investimento necesario e de maneira urxente, de acordo á normativa vixente, en:

- Traxes de intervención necesarios e actualizados. Así como traxes de auga.
- Casco intracraneal, con emisora integrada activada por voz e habilitada para temperaturas extremas.
- “Cubre-calugas”.
- Adquisición de cámara térmica.
- Ampliación de formación en riscos laborais, fomentando que os traballadores realicen cursos homologados.

2.-Que o Concello de Ribadavia a través de todos os representantes, concelleiros e concelleiras e os seus grupos municipais aproben o seu compromiso para a vindeira lexislatura na mellora xeral do servizo GES- Emerxencias Ribadavia: subida de salario en relación ás funcións realizadas, mellora da base- sede GES Ribadavia e instalacións destinadas á protección de material e vehículos, e mellora da estabilidade contractual do grupo de traballadores GES Ribadavia.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno, PP, PSOE, CXG e BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- RBC trouxo varias mocións a este pleno para mellorar o servizo, falamos con técnicos que traballan neste campo. Lle pido ao alcalde que non ría mentras eu falo.

Alcalde.- Non estou a rir , só sonrío.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Unha cousa é sonreír e outra rir. Son propostas concretas , en sentido positivo. É unha moción aberta a melloras. A tres meses das eleccións o lóxico é falar de compromisos adquiridos de cara á nova lexislatura. Se fala dunha reunión cos traballadores.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Nos parece unha boa iniciativa. A cuestión dos Ges non está ben definida; por un lado financia a Xunta e a Deputación, dependen xurídicamente dos entes locais e a coordinación da Dirección Xeral de Emerxencias.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este pleno aprobou un convenio de colaboración con outras administracións sobre os GES. Na moción se fala dos equipos de protección individual, os debe aportar o concello como empresa contratante, se podía solicitar á Xunta que se faga cargo de estes elementos. A formación en riscos laborais é unha cuestión fundamental, hai que avanzar na protección de estes traballadores.

D Ricardo González Amaro (PSOE).- Dende que entrou este grupo de goberno a estes traballadores , con cartos do concello, se lles comprou ropa e materiais, ropa ígnifuga e material de emerxencias. Se necesitan máis cousas. Por Vicepresidencia da Xunta se lle deron ao concello algunhas cousas que son innecesarias como unha lancha. En vez de lancha se necesitaría unha furgoneta con equipo de excarceración.

En traxes e material se comprou todo o que se pudo adquirir.Unha avaría do camiión a reparou o concello cun custe moi elevado. A Dirección Xeral de Emerxencias da cousas ao concello sen preguntar antes que se necesita, debería preguntar primeiro. Nos gustaría que o edificio fose mellor, o concello o mellorou ostensiblemente. Os cursos de prevención se está traballando en eso, se fixo o de podar en altura.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Concordo co concelleiro de servizos sociais no tema da lancha. A Dirección Xeral debería ser máis receptiva ás demandas reais dos concellos.

Alcalde.- Maña, a súa petición , temos unha reunión cos traballadores dos GES. Como filosofía a moción nos parece ben.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno, PP, PSOE, CXG e BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

O pleno do concello de Ribadavia, por unanimidade, acorda:

1.-Que o Concello de Ribadavia a través do goberno actual realice o investimento necesario e de maneira urxente, de acordo á normativa vixente, en:

- Traxes de intervención necesarios e actualizados. Así como traxes de auga.
- Casco intracraneal, con emisora integrada activada por voz e habilitada para temperaturas extremas.
- “Cubre-calugas”.
- Adquisición de cámara térmica.
- Ampliación de formación en riscos laborais, fomentando que os traballadores realicen cursos homologados.

2.-Que o Concello de Ribadavia a través de todos os representantes, concelleiros e concelleiras e os seus grupos municipais aproben o seu compromiso para a vindeira lexislatura na mellora xeral do servizo GES- Emerxencias Ribadavia: subida de salario en relación ás funcións realizadas, mellora da base- sede GES Ribadavia e instalacións destinadas á protección de material e vehículos, e mellora da estabilidade contractual do grupo de traballadores GES Ribadavia.

#### **10.- Mocións de urxencia.**

#### **DELEGACIÓN NA XUNTA DE GALICIA DA SELECCIÓN DOS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL**

1º O concello de Ribadavia delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de auxiliares do seu corpo de Policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.



2º APROBAR O CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE AUXILIARES DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA E FACULTAR AO ALCALDE PARA A SINATURA DO MESMO E DE MAIS ACTOS NECESARIOS.

**CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE AUXILIARES DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA.**

A Estrada, ... de ..... de 2019

## **REUNIDOS**

DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de



novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, D.José Ignacio Gómez Pérez , titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Ribadavia , actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión do 28 de febreiro de 2019, en cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

#### **EXPOÑEN:**

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a

asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2019, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Ribadavia delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de auxiliares do seu corpo de Policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

## **CLÁUSULAS:**

### **PRIMEIRA: Obxecto.**

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Ribadavia na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de auxiliares do seu corpo de policía local.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas da categoría de auxiliares do seu corpo de Policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2019 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para a selección das prazas de auxiliar da Policía Local.

**SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.**

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para os auxiliares de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

- - Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local.

**TERCEIRA: Alcance da delegación.**

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.

d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.

e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.

f) Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.

h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

#### **CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para as prazas de persoal auxiliar de policía local sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

– Dez, no caso do acceso aos postos de persoal auxiliar de policía local.

– Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural

no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

#### **QUINTA: Obrigas do concello.**

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

- b) Contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.
- c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.
- e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

#### **SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

#### **OITAVA: Vixencia.**

1. Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2. Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3. A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

#### **NOVENA: Causas de resolución.**

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

### **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

### **DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.



**DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.**

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

Alcalde.- Estaban por determinar unha serie de cuestións sobre os procesos dos auxiliares da Policía Local. Se van a facer dous procesos separados, un para auxiliares pola Xunta de Galicia, e o concello seleccionará os cinco policías locais. É unha obviedade que se necesitan auxiliares, o problema é que ten que ir acompañados por un policía, non poden ir sós. A selección dos policías a vai a facer o propio concello, senón non se presentaría xente de Ribadavia. Nos gustaría que os auxiliares fosen xente do concello, pero non hai xente que tiña o curso.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Me parece unha boa iniciativa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Votamos a favor da proposta, pero que conste o descontento do noso grupo coa tardanza en todo este tema. Xa advertimos que se ía a producir esta cuestión, tendo previsión se tivo que actuar antes.

D Xacobe Garcia Soto (BNG).- A favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, don Celso Sotelo xa advertiu que se ía a producir esta situación.

Alcalde .- O Dereito Administrativo conleva uns pasos, somos o primeiro concello da provincia que fixo a Oferta de Emprego Público neste eido. Este goberno fixo ben as xestións. Os convenios os indica a Academia Galega de Seguridade. Se podería facer un convenio de selección centralizada pola Xunta, se diría que non se prima á xente de Ribadavia. O proceso foi rapidísimo, o proceso selectivo xa está en marcha.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **11.- Rogos e preguntas.**

Don Manuel Vázquez López (CXG).- Dado as datas , ata o remate da lexislatura , o noso grupo xa non vai a presentar máis mocións. Reiterar unha vez máis o tema do arranxo das fontes, que foi unha das primeiras mocións que presentou o noso grupo nesta lexislatura.

D César Manuel Fernández Gil (PP) formula as seguintes preguntas por escrito con anterioridade de vinte catro horas ao inicio da sesión:

1)O 28 de xaneiro de 2019 chegaba ao concello de Ribadavia unha comunicación do INAEM incoando un procedemento de reintegro parcial dunha subvención concedida ao concello en 2017 dentro do programa de axudas á realización de festivais, feiras, mostras , circuitos e outros eventos teatrais. Na citada comunicación o INAEM solicita ao concello de Ribadavia o reintegro de 8.025,00 € por incumprimento da actividade comprometida..Tendo en conta o anteriormente exposto , cales foron os motivos que levaron a incumprir os compromisos adquiridos na convocatoria para a solicitude desta subvención?¿ Foron xa integrados os 8.025,00 €que reclama o INAEM?

- 3) O pasado mes de novembro de 2018, con número de rexistro de entrada 5407, recibíase no concello de Ribadavia unha notificación da Consellería de Política Social incoando trámite de audiencia ao concello de Ribadavia no procedemento de revogación da subvención concedida ao concello de Ribadavia , por importe de 38.646,80 € para a obra de “ Mellora da Accesibilidade no Parque dos Xardinillos: itinerario-reforma das beirarrúas do contorno.Pois ben, tres meses despois e tendo en conta que o prazo de alegacións era de 10 días hábiles, gustaríanos saber se finalmente foi revogada a referida subvención ao concello de Ribadavia. En caso afirmativo, queremos saber , con cargo a que partida orzamentaria se procedeu ou se procedería ao pago da referida obra ( con un importe de 55.209,71 euros)
  
- 4) Continuando coa obra de “ Mellora da accesibilidade no Parque dos Xardinillos: itinerario-reforma das beirarrúas do contorno” no pleno do pasado mes de outubro de 2018 o noso grupo preguntou por a existencia no documento de certificación da obra, e na conseguinte factura, dunha referencia a 96,94 metros de marcas reflectantes, e 134 metros cadrados de pintura reflectante por un importe de 2.050,00 € que , a día de hoxe seguimos sen ver por ningures. Ademais , na certificación da obra factúrase tamén un cartel en linguaxe braille que tampouco vemos por ningunha parte. Naquel pleno o señor alcalde respostou , tal e como recolle a acta, que “ vai a ter toda a información, e se hai algunha cuestión que non está correcta, eu serei o primeiro en tomar medidas.Pois ben , a día de hoxe non tivemos ningunha información sobre onde se empregou a pintura facturada e onde se atopa o cartel en braille que tamén está facturado dentro de factura da referida obra , polo tanto, queremos saber e preguntamos unha vez máis onde se empregaron en esta obra os 96,94 metros de marcas reflectantes , e 134 metros cadrados de pintado con pintura reflectante por un importe de 2.050,00 € e onde se atopa o cartel en braille, que tamén foi facturado e non vemos por ningures.

Alcalde .- En relación á primeira pregunta aconteceron dous cousas, o incumprimento foi por circunstancias alleas ao concello, non se puideron facer dúas obras, por motivos graves, unha un falecemento. A dirección contratou outras dúas actuacións, o INAEM dí que as substitutas non son producións nacionais. Se fixeron alegacións pola concelleira e polo Director que van a ser estimadas.

En relación á segunda pregunta, non foi revogada de momento, é un tema que teño falado. Estou de acordo co PP no que dice de que non hai constancia dunha cousa ou da outra. Non hai lugar a tardanza nin a tentar de revogar a subvención. Este tema está falado co Director Xeral que dixo que se ía a solventar. En conversas privadas se dixo que hai un problema técnico. Este tema foi a moitas reunións, incluso para determinar a pedra se axustou todo. Hai unha interpretación dos informes sectoriais previos, agora nas novas convocatorias, a raíz de isto, xa se modificou a redacción. Noutras subvencións o informe de patrimonio está condicionado a presentar un proxecto de execución. Se van a esperar doce meses para resolver, este quen este de alcalde ten que defender os intereses do concello. Se acudirá á vía contencioso-administrativa de ser necesario. Non quero pensar que haxa un motivo político.

En relación á terceira pregunta , é verdade que dixen que traería toda a información sobre esta cuestión, o farei cando a Concellería aclare todas estas cuestións. A propia Concellería dixo que a obra certificouse correctamente. Chamei máis de dez veces pedindo unha resolución por escrito, non a houbo, esperamos para ver si nos temos que defender na vía xudicial.Hai concellos de todas as cores implicados.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Non vou a presentar máis mocións ata o remate da legislatura. Reitero o tema do arranxo das fontes, que foi unha das primeiras mocións de este grupo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Que o concello poña todos os medios para a folga do oito de marzo.

Pido a retirada de restos de obra en Ventosela.

Que se actúe coa obra na N-120 sen licenza municipal.

Que se adecenten as traseiras do cemiterio.

Que se adopten medidas de seguridade cunha árbore en A Foz.

Que se arranxe o sumidoiro en Fondevila.

Que se retiren as vallas amarelas na Porta Nova.

Que se arranxe a fonte dos Canos.

Que se subsane a falla de investimento no GES.

Pregunto pola situación actual de ocupación no Colexio da Alameda e a previsión cara ao ano que ven.

Pregunto si existiu algún impedimento administrativo para facer o convenio para auxiliares da policía local antes de este pleno.

Alcalde.- O colexio da Alameda está a plena ocupación, nada mellor que os pais e as nais para defender a continuidade dun centro. Eu tiña solicitado o convenio para a selección de auxiliares da Policía local, me remitiron o dun concello concreto; algún secretario lle vía impedimentos legais. As necesidades se produciron cando se produciron.

D Xacobe Garcia Soto (BNG).- Pregunto si se ten pensado desenvolver un convenio con Educación e cal é a situación do Plan Xeral.

Alcalde.- No propio Consello Escolar houbo conversas, as aulas se están utilizando pola banda A Lira.

Dona María López Touza informa que a banda A Lira está esperando liquidez para facer as obras de tabicación.

Alcalde.- Houbo un requerimento de Fomento para facer un plan de carga das estradas, parece que é o último trámite.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O tema do CRA se plantexou no Consello Escolar, eu teño a miña filla escolarizada ahí, e me enterei pola directora.

Dona María López Touza .-Teño constancia do tema, pero me sorprende o cauce.



D Celso Sotelo Barroso (PP).- Varios concellos piden liñas de autobuses novas á Xunta, facían falta máis horarios en Ribadavia.

Na estrada a Veiga hai unhas mimosas que están perigosas.

As luces de Sampaio, hai dúas farolas en O Castro que non se repararon.  
Hai que poñer unha sinal na estación de autobús en dirección a Ribadavia.

Alcalde.- Tiven unha reunión co xerente de Transporte , estou esperando a resposta.

E sendo as nove horas e corenta minutos, e non habendo máis asuntos que tratar ,o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO